

CONFERENCIAS E ACTUACIÓNS TEATRAIS

27 de FEBREIRO de 2012

11:30h: Inauguración.

(Salón de Actos da Facultade de CC. da Educación, Campus Vida)

12:00 - 13:30h: Coloquio Inaugural

De "Educador Social en Alaska" a "Alaska 2099"

Sera Sánchez e Rafa Sánchez, Coord. Pablo Meira

(Salón de Actos da Facultade de CC. da Educación, Campus Vida)

20:00 - 22:30h: Representación da obra de teatro

"Educación Social en Alaska"

Factoría Los Sánchez

(Teatro Principal)

28 de FEBREIRO de 2012

18:00 - 19:00h: Conferencia/Seminario

"Teatro das oprimidas: Ferramentas para a participación social, a educación e o empoderamento"

Acsur Las Segovias (Galiza)

(Salón de Actos da Facultade de Filoloxía)

19:30 - 22:00h: Representación da obra de teatro

"Teatro Oprimidas. Mulleres migrantes"

Grupo: Teatro das Oprimidas

(Salón de Actos da Facultade de Filoloxía)

7 de MARZO de 2012

18:00 - 19:00h: Representación

"A USC en Transición"

Grupo de bolseiras/os da USC e Feitoría Verde

(Salón de Actos da Facultade de Filoloxía)

19:30 - 21:00h: Conferencia/Seminario

"Teatro foro: unha ferramenta para a educación e a participación comunitaria"

Feitoría Verde

(Salón de Actos da Facultade de Filoloxía)

8 de MARZO de 2012

20:00 - 22:00h: Representación da obra de teatro

"Turandot"

Grupo Enlata Teatro (F. de Ciencias da Educación)

(Salón de Actos da Facultade de Filoloxía)

Organizan: Comisión de actividades culturais da Facultade de CC. da Educación e a Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua da USC.

Colaboran: Rede de Centros Socioculturais de Santiago, Consello de Relacións Veciñais de Santiago, o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia e o Grupo SEPA.

LUGAR DE REALIZACIÓN

27 de febreiro de 2012:

Salón de Actos da Facultade de CC da Educación (Campus Vida) e Teatro Principal

28 de febreiro e 7 e 8 de marzo de 2012:

Salón de actos da Facultade de Filoloxía da USC (Campus Norte)



V CICLO DE TEATRO COMUNITARIO

Teatro



Educación

V CICLO DE TEATRO COMUNITARIO TEATRO (É) EDUCACIÓN

PRESENTACIÓN

A través desta iniciativa, organizada conxuntamente pola Comisión Cultural, o grupo de teatro da Facultade de CC. da Educación, xunto co apoio da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Contínua e a colaboración da Rede de Centros Socioculturais de Santiago, Consello de Relacións Veciñais de Santiago, o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia e o Grupo SEPA, pretendemos seguir creando un encontro a través do cal achegarnos á manifestación teatral de diferentes grupos que desenvolven a súa actividade nas vilas e aldeas de Galicia, e deste xeito reflexionar sobre o significado do teatro na vida asociativa e comunitaria das nosas vilas. Durante este ciclo queremos igualmente prestar especial atención a algunhas iniciativas e proxectos teatrais vencellados ao ámbito da educación social e o desenvolvemento comunitario en diferentes ámbitos e contextos educativos.

A nosa intención é que os asistentes poidan gozar do teatro, coñecendo e participando da representación de diferentes obras, pero non só iso, senón que ao mesmo tempo queremos crear un espazo formativo que nos permita reflexionar, entre outras, sobre as seguintes cuestións: que representa dende o punto de vista educativo o teatro nas nosas vilas?, que motivos os levaron a constituir o grupo de teatro?, como se organizan os grupos?, existe unha participación activa por parte dos veciños?, como se elixen os textos?, que función se lle concede ao teatro?, que acollida ten entre o público? como é o ritmo de traballo nestes grupos?, con que dificultades se encontran?, como se financian?, cales son as razóns polas que nace o grupo de teatro?, como se organizan, como estruturan o seu traballo?, cando e como desenvolven a súa actividade?...

Para analizar e reflexionar sobre estas e outras cuestións, ademais de asistir á representación das diferentes obras que se recollen no programa, desenvolveremos un ciclo de conferencias e seminarios no que teremos a

oportunidade de afondar nestas cuestións cos grupos e así achegarnos á súa realidade. Desta forma poderemos apreciar o inmenso esforzo e a labor tan importante que realizan. Ademais, unha vez rematada a obra, teremos a oportunidade de conversar co grupo de teatro sobre diferentes cuestións relacionadas co seu traballo e co que supón a súa participación no grupo.

O noso principal obxectivo con esta actividade é crear un xermolo que sirva para dar a coñecer o traballo que desenvolven diferentes grupos en distintas zonas de Galicia e, como non, concienciar aos futuros educadores e educadoras da importancia do teatro como instrumento de innovación educativa na nosa sociedade.

OBXECTIVOS

- Achegar aos diferentes profesionais e colectivos na Universidade as actividades e iniciativas teatrais que se desenvolven en Galicia nas diferentes aldeas e vilas.
- Proporcionar un espazo de representación, debate e expresión para calquera cidadán interesado no mundo teatral, en especial, no teatro comunitario.
- Crear canles de comunicación entre os Grupos de teatro da Universidade e os diferentes grupos teatrais que temos en Galicia.
- Ter a oportunidade de analizar diferentes proxectos teatrais que se teñen desenvolto no noso País.
- Manter intercambios con diferentes grupos teatrais de Galicia.
- Acoller na Facultade a voz e o "saber" de diferentes grupos de teatro que desenvolven a súa actividade nas vilas de Galicia.
- Achegar aos diferentes profesionais e colectivos da universidade a actividade e iniciativas teatrais que se desenvolven en Galicia nas diferentes aldeas e vilas.

- Achegar a realidade teatral galega e universal á cidadanía.

- Coñecer e reflexionar sobre iniciativas promovidas por profesionais do ámbito escolar e da educación sociais relacionadas co mundo teatral.

DESTINATARIOS

- Todos aqueles cidadáns interesados en asistir ás diferentes actividades do ciclo de Teatro Comunitario.
- Alumnado e persoal da USC.

INSCRICIÓN e INFORMACIÓN

A inscrición realizarase por riguroso orde de inscrición. A actividade é gratuíta.

- *Asistentes non pertencentes á comunidade universitaria:*

Non é necesario anotarse. Non obstante se desexan obter o diploma de asistencia (equivalente a 16 horas), deberán cumprimentar a folla de inscrición e asistir a todas as actividades. Neste caso deben adxuntar tamén unha fotocopia do DNI.
Número de prazas: 100.

- *Membros da comunidade universitaria:*

- A actividade está recoñecida con 1 crédito de libre configuración para todas as titulacións da USC. Tamén se entregará un diploma de asistencia no que conste (16 horas+14 h. de realización da memoria).
- Para formalizar a inscrición neste ciclo de teatro debes enviar a folla de inscrición antes do 23 de febreiro a: este enderezo de email á atención de **Rocío (rociogarciapazos@gmail.com)**.
- Tamén podedes entregar a folla de inscrición na Secretaría Administrativa da Facultade de CC. da Educación (Campus Vida), antes do 23 de febreiro.
É necesario enviar ou adxuntar fotocopia do carnet de estudante.
Número de prazas: 200.

INFORMACIÓN: Juanjo Lorenzo (juanjo.lorenzo@usc.es).

FOLLA DE INSCRICIÓN V Ciclo de Teatro Comunitario

Nome e Apellidos.....

D.N.I.....

Facultade:.....

Enderezo:.....

Localidade:.....

E-mail:.....

Teléfono:.....

Solicita crédito de libre configuración?.....

Membro da comunidade universitaria: Fóra da comunidade universitaria

Provincia:.....

Sector:.....

Alumnado Profesorado, PAS...